



REVISTA GALEGA DO ENSINO

A *Revista Galega do Ensino. EDUGA (RGE)* editase en formato dixital e con carácter semestral (nos meses de xuño e decembro).

Orienta a edición ao coñecemento da educación en calquera das súas áreas disciplinares e ao desenvolvemento profesional das funcións pedagóxicas.

A *RGE* acepta traballos de teoría, investigación activa e práctica adaptados ás diversas seccións de que consta.

INVESTIGACIÓN

Acolle artigos de especialistas de recoñecido prestixio que desenvolven a súa actividade en universidades ou centros de investigación e cuxas liñas de investigación inciden directamente pola súa relevancia e actualidade no ámbito educativo.

EXPERIENCIAS

Acolle traballos descritivos sobre actividades propias do exercicio dunha función pedagóxica que promovan aprendizaxes e incidan na formación integral do alumno.

FORO

Acolle colaboracións en que autores, cun fondo coñecemento da realidade educativa e unha acreditada solvencia profesional, expresan a súa opinión sobre temas actuais ou fan partícipe á comunidade educativa de aportacións didácticas innovadoras.

ENTREVISTA

Acolle, baixo o formato de entrevista, conversas con profesionais de sona que permiten aos lectores profundar nun tema obtendo directamente unha valiosa información.

A NOSA ESCOLA

Acolle colaboracións que teñen a historia da escola galega como suxeito de atención.

QUE É

Sección informativa en que se ofrecen datos básicos (composición, funcións, tarefas que desenvolven, contacto) de asociacións, fundacións, movementos de renovación pedagóxica, etc. cuxo traballo está vinculado ao ámbito educativo.

FORMACIÓN

Enfoques

Colaboracións de expertos destacados en formación do profesorado que reflexionan sobre o panorama educativo e a profesión docente.

Proxeccións

Experiencias docentes que proxectan a formación recibida polo profesorado e inclúen reflexións sobre os cambios introducidos e as súas repercusións na comunidade educativa.

Ampliacións

Propostas de lecturas profesionais que motiven para seguir aprendendo.

INNOVACIÓN

Plan Proxecta

Acolle proxectos levados a cabo polos centros educativos, no marco do Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Cultura e Ordenación Universitaria, que foron recoñecidos nesta convocatoria polo seu carácter innovador, actualidade e relevancia pedagóxica.

Contidos educativos

Os artigos desta sección están relacionados con obxectos dixitais educativos publicados no repositorio de contidos do espazo Abalar. Os/as asesores/as de contidos do CAFI proporán a creación do artigo aos/as autores/as daqueles recursos de comprobada calidade previa experimentación na aula.

Outros

Acolle proxectos levados a cabo polos centros educativos, no marco dos diversos plans e programas promovidos pola Consellería de Cultura, Cultura e Ordenación Universitaria, que destaquen polo seu carácter innovador, actualidade e relevancia pedagóxica.

BIBLIOTECAS

Acolle artigos relacionados coas bibliotecas escolares, como instrumento fundamental dos centros para apoiar os procesos de aprendizaxe, así como o desenvolvemento do currículo e dos Proxectos Lectores de Centro. Inclúranse experiencias de calidade en relación co fomento da lectura entre os distintos sectores da comunidade educativa, e boas prácticas na incorporación de metodoloxías activas, con carácter interdisciplinar, que busquen a adquisición das competencias básicas do alumnado.